

ACORDO DE COLABORACIÓN

ENTRE

A XUNTA DE GALICIA

E

RENFE VIAJEROS SOCIEDAD

MERCANTIL ESTATAL, S.A.

Madrid, 15 de abril de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, a **Xunta DE GALICIA**, representada por **D. Román Rodríguez González** Conselleiro de Cultura e Turismo que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 97/2018, do 26 de setembro e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 163/2018, do 13 de decembro, publicado no DOG número 243, do 21 de decembro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.

E doutra, **RENFE VIAJEROS SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL, S.A.** representada por **D. Isaías Táboas Suárez** (en diante Renfe Viajeros), en calidade de Presidente, con domicilio social en Madrid, avenida de Pío XII, 110, con CIF número A-86868189, constituída o día once de decembro de 2013 ante o ilustre notario de Madrid don José Manuel Senante Romero baixo o número do seu protocolo 3553, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 31997, folio 1, sección 8 e folla M-575733, cuxos poderes ostenta.

Os reunidos recoñécense mutuamente, na calidade en que cada un deles intervén, capacidade xurídica suficiente para o outorgamento do presente acordo de colaboración, subscríbeno en nome das respectivas entidades e, para o efecto:

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Cultura e Turismo con motivo da celebración do Día das Letras Galegas desexa desenvolver diferentes accións co obxecto de promover as letras e lingua galegas no transporte por ferrocarril.

II.- Que Renfe Viajeros ten como obxecto social principal a prestación de servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril, tanto nacional como internacional, a mediación

na prestación de calquera servizo turístico, organización, oferta e/ou comercialización de viaxes combinadas ou produtos turísticos, así como a prestación doutros servizos ou actividades complementarias ou vinculadas ao transporte ferroviario.

III. Que o transporte público de viaxeiros por ferrocarril constitúe un servizo esencial para o desenvolvemento de Galicia e os seus municipios, tanto como garantía do exercicio de dereitos básicos das persoas como en canto á súa contribución ao desenvolvemento do conxunto de actividades económicas e á propia configuración das súas cidades e pobos.

IV. Que o transporte ferroviario foi desde sempre o vehículo para transportar non só viaxeiros e mercadorías, senón tamén a cultura e o desenvolvemento.

V. Que, con motivo da celebración do Día de las Letras Galegas o próximo 17 de maio que este ano esta adicado a Antón Fraguas Fraguas, as partes pretenden colaborar na realización de accións conxuntas encamiñadas a promover e fomentar a cultura e a lingua galegas a través dos servizos públicos de Renfe Viajeros, así como a promoción deste tipo de transporte.

VI. Que ambas as partes acordaron celebrar un acordo de colaboración entre Renfe Viajeros e a Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística para levar a cabo as devanditas accións.

En virtude de canto antecede, considérase necesario establecer un acordo de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente acordo de colaboración é establecer os elementos necesarios para o bo desenvolvemento das accións encamiñadas á divulgación da cultura e lingua galegas, con ocasión da celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio de 2019, nos trens e servizos de Renfe Viajeros fomentando tamén o uso deste transporte público para desfrutar da axenda cultural que desenvolverá nas diferentes localidades de Galicia.

Segunda. Compromiso de colaboración.

As accións que se acorda realizar no marco do Día de las Letras Galegas 2019 son:

- Exposición dos carteis gañadores do Concurso das Letras Galegas 2019, correspondentes á categoría de educación secundaria, nos espazos de información ao viaxeiro que Renfe Viajeros ten asignado nas estacións.
- Impresión dos repousacabezas coa imaxe institucional do Día das Letras Galegas 2019 da Xunta de Galicia para expoñer nos trens de alta velocidade, serie 121, que fan os servizos avant e MD nos corredores A Coruña-Santiago de Compostela-Vigo/A Coruña-Santiago de Compostela-Ourense.

As partes asinantes do presente acordo de colaboración comprométese a impulsar a través da concreción en acordos de colaboración específicos, outras accións futuras de promoción da lingua e cultura galegas.

Terceira. Compromiso da Consellería de Cultura e Turismo a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística

A Secretaria Xeral de Política Lingüística comprométese a facerse cargo de todos os gastos que poidan orixinarse coa posta en marcha das accións relacionadas na cláusula segunda.

Cuarta. Compromisos de Renfe Viajeros

Renfe Viaxeiros se compromete a acondicionar os espazos de información das estacións e trens para expoñer os carteis dos gañadores do Concurso das Letras Galegas e a imaxe promocional da Xunta de Galicia.

Quinta. Propiedade industrial, imaxe e marca

A denominación social de cada unha das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Ningunha das partes asinantes do presente acordo de colaboración poderá utilizar marcas, distintivos ou dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca da outra parte para fins distintos dos expresamente indicados no presente acordo de colaboración.

Cada unha das partes garántelle á outra que é titular da totalidade das marcas e de calquera outro dereito de propiedade industrial, imaxe e marca que serán utilizados pola outra parte en virtude do presente acordo de colaboración ou, de ser o caso, que conta coas autorizacións correspondentes do seu titular para cumprir coas obrigacións previstas neste. Ambas as partes se comprometen a utilizar os signos distintivos da outra parte segundo o acordado.

A utilización por unha das partes, no marco das obrigacións previstas no presente acordo de colaboración, dos logotipos e imaxe corporativa da outra requirirá, en todo caso, a previa supervisión e aprobación por escrito desta última que, ademais, deberá prestar a súa conformidade á colocación e localización dos seus signos distintivos na documentación ou soporte de que se trate elaborada pola outra parte. Para o obxecto deste protocolo enténdese outorgada coa sinatura deste documento.

A utilización por unha das partes das marcas e de calquera outro dereito de propiedade industrial, imaxe e marca titularidade da outra parte para os fins previstos no presente acordo de colaboración non comportará de ningún xeito a adquisición por aquel de dereito ningún sobre estes.

Cada parte queda obrigada a devolver no estado que resulte do seu uso razoable ou destruír, segundo a elección da outra parte, os elementos, soportes e signos distintivos que recibise desta unha vez termine a relación entre ambas as partes por calquera motivo. A partir dese momento, a parte que non fose titular dos devanditos dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca non poderá volver utilizar a marca ou calquera outro signo distintivo da outra parte en soporte ningún.

Sexta. Confidencialidade

A información pertencente a calquera das partes á que a outra puidese ocasionalmente ter acceso en virtude do presente protocolo de colaboración ten carácter estritamente confidencial.

As partes obríganse a manter en segredo a devandita información, tanto durante o prazo de vixencia do presente acordo de colaboración como despois da súa expiración, salvo naqueles aspectos que pasasen ao dominio público ou foren notorios por medios alleos ás partes.

Sétima.- Protección de datos

As partes do presente acordo de colaboración coñecen e obríganse a cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Reglamento Xeral de Protección de Datos ou RGPD), así como a súa normativa de desenvolvemento.

Os datos de carácter persoal dos asinantes do presente acordo de colaboración ou das persoas de contacto que se faciliten á outra parte, serán tratados coa finalidade de xestionar a relación contractual que se formalice entre as partes, sendo a base lexitimadora do tratamento a execución do presente acordo de colaboración. Neste sentido, as partes comprométense a que os datos facilitados non se cederán a terceiros, salvo obrigación legal.

A Consellería de Cultura e Turismo informa a Renfe Viajeros que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e portabilidade no seguinte enderezo postal: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo,

Edificio administrativo de San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela ou ao seguinte enderezo electrónico: sxt.cultura.turismo@xunta.gal, mediante escrito identificado coa referencia “protección de datos”, no que se concrete a solicitude e, que deberá ir acompañado de fotocopia do Documento Nacional de Identidade do solicitante.

A súa vez, Renfe Viajeros informa á Consellería de Cultura e Turismo que poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos ante a Asesoría Jurídica de Renfe Viajeros mediante o envío dun correo electrónico a derechos.viajeros@renfe.es, ou por correo postal dirixido a RENFE VIAJEROS SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL, SA, Avenida Ciudad de Barcelona, 8-1ª Planta-28007 Madrid, no que se concrete a solicitude e, que deberá ir acompañado de fotocopia do DNI ou documento oficial que lle acredite.

Oitava. Comunicacóns

As comunicacóns entre as partes realizaranse por calquera medio que permita acreditar a súa recepción pola outra e serán válidas para estes efectos as comunicacóns por fax, correo certificado ou calquera medio habitual de comunicacón.

Todas as notificacións e comunicacóns que deban efectuarse as partes contratantes dirixiranse aos enderezos que se indican a continuación:

Secretaría Xeral de Política Lingüística	Renfe Viajeros
Elvira María Casal García Rúa San Roque, 2 15781 Santiago de Compostela Telf.: 881 996 321 E-mail: elvira.maria.casal.garcia@xunta.gal	Alberto Martínez Atienza Avenida Ferrocarril, 4 A Coruña Telf.: 981 164 230 E-mail: aatienza@renfe.es

No caso de que se produza un cambio de enderezo de calquera das partes, deberáselle comunicar por escrito á outra parte e indicarse o novo enderezo e a data a partir da cal deberán dirixirse a el as notificacións ou comunicacóns.

Novena. Cesión

Ningunha das partes asinantes do presente acordo de colaboración poderá cedelo total ou parcialmente nin transferir ou subrogar nos seus dereitos e obrigacións ningún terceiro sen previo consentimento, expreso e escrito, da outra parte.

Décima. Modificacións

Ningunha alteración do presente acordo de colaboración será válida, salvo se se efectúa por escrito e é subscrita por ambas as partes.

Undécima. Vixencia

A vixencia deste acordo coincidirá cos actos de celebración do Día das Letras Galegas 2019 sen prexuízo da exhibición nos trens da imaxe institucional do Día das Letras Galegas 2019 da Xunta de Galicia polo tempo que determine Renfe Viajeros, podendo prorrogarse anualmente si non existe denuncia por algunha das partes, mediante acordo expreso e escrito das partes, no prazo dun mes antes do inicio das accións de colaboración obxecto do acordo de colaboración.

Duodécima. Resolución

Serán causas de resolución do presente acordo de colaboración de pleno dereito, ademais das causas xerais recoñecidas polo Código civil, as seguintes:

- Por instancia de calquera das partes, polas causas xerais establecidas na lei e polo incumprimento das obrigacións previstas nel.
- Por supresión do servizo ferroviario nos traxectos obxecto do presente acordo de colaboración, salvo por causas de forza maior, incluída a folga, con total indemnidade para Renfe Viajeros. En caso de folga, poderán suspenderse temporalmente as obrigacións das partes con total indemnidade para estas.

Décimo Terceira. - Xurisdición

Para as cuestións que poidan derivar do presente acordo de colaboración, as partes sométense á xurisdición ordinaria dos tribunais competentes, con renuncia expresa a calquera outro foro ou domicilio que en dereito lles poida corresponder.

E en proba da súa conformidade e aceptación, as dúas partes asinan o presente acordo de colaboración en galego e en castelán, por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia

Por Renfe Viajeros Sociedad

Mercantil Estatal, S. A.

D. Román Rodríguez González

D. Isaías Táboas Suárez